

«CASA LIDIA» de Balmonte,

chigre y tenda dos d'antano

↓ David Fernández Moro

Un negocio enténdese, normalmente, qu'é úa actividá económicamente rentable. El autor d'estas renguileiras, avezao a visitar chigres y tendas que tán nel espacio rural asturiano y autor d'abondas publicacióis sobre el tema, pensóu, al rovés, se nun taría ben cambiar esta definición. Nel establecimiento que vai centrar el atención d'este artículo véndense y cómpranse productos, comida y bebida básicamente; así y todo, esta función comercial trai con ella úa carga de trabayo da que raramente se saca abonda compensación.

Dentro d'un llabor de descripción d'un chigre-tenda, neste caso «Casa Lidia», el primeiro é situallo na súa contornada. Ta nel lugar de Balmonte, nel conceyo de Castropol. Balmonte ta núa terra de montaña, dentro d'úa zona que sufríu un proceso curioso de despoblación y envejecemento dos sous habitantes nas últimas décadas del siglo XX. Amaña, amáis, un hábitat de caseirío estragayao, propio de llugares con vocación ganadeira.

Con respecto á localización física concreta de «Casa Lidia», este chigre-tenda ta nun cruce de camí-os, na intersección da carretera que vai de Bual á Veiga col camín veyo que comunicaba Balmonte con Castropol y cua carretera que vai pr'Añides y Meredo. Dende dalgún punto de vista, esta situación podería considerase privilexada se nun fora pol pouco tráfico que, hoi día, circula por estas vías. Así y todo, y

unque igual qu'os máis dos comercios rurales antiguamente nun tían llereiro, na actualidá este chigre-tenda puxo ún pra mirar de chamar posibles clientes forasteiros que viaxen ou tían de paso na zona.

Ún dos motivos principais d'esa pouca circulación de vehículos qu'hai por estas carreteras é el trazo tan veyo y el mal estao del firme da principal d'ellas, a que comunica Balmonte cua Veiga. Al rovés qu'outras comarcas achegadas —os casos máis conocidos danse nos Ozcos y Taramundi—, esta área ta nun estao d'abandono das súas comunicacióis abondo claro que vai en contra del sou potencial turístico. Neste sentido, hai úa total carencia de pousadas de turismo rural ou verde, el que contrasta cua guapura de dalgús dos sous paraxes, como El Val d'Obanza ou as mexadeiras del Cioyo sobre El Río Porcia.

A historia de «Casa Lidia» nun se remonta a mui-tos anos atrás. Tradicionalmente as zonas de monta-

ña son máis improductivas qu'as costeiras así qu'a miyora del nivel de vida dos sous habitantes retrasouse hasta ben entrao el siglo pasao. A consecuencia directa d'este pouco nivel adquisitivo é que nun podía medrar ningúa actividá comercial permanente. Así, este establecemento —que condo empezou era namáis úa tenda— nun abríu as súas portas hasta pasar el ecuador del siglo XX. A partir d'este momento houbo dalgúas épocas búas, como condo, al instalarse CEASA en Navia, houbera úa repoblación forestal curiosa nos alrededores y os trabayadores d'estas prantacióis eran úa das súas principais cánabas.

Anque pral observador actual poda resultar chamadeiro el contraste entre este pasao d'hai pouco y el momento crítico actual, «Casa Lidia» chegou a ter ben vida con úa gama d'actividades unde entraba a venta de penso y abono, dar comidas ou el teléfono público. Pra conseguir este último elemento tuvera que competir con outro bar-tenda del llugar, detalle qu'amostra esa prosperidá momentánea que deu pé a qu'houbera cuatro establecementos d'este tipo funcionando a un tempo en Balmonte. Esta localidá, como cabeceira de parroquia, centralizaba os servicios das poblacióis vecías.

Hasta que lo amañaron, tamén este establecemento tía úa traza ben diferente al actual: entre os máis chamadeiros, as argollas fora pr'atar as caballeirías (qu'era el xeito qu'avezaban a usar os llabradores pra viaxes un pouco llargos hasta nun hai muitos anos) ou as barricas de viño ocupando úa das veiras del interior del local; el tarrén de cemento, el amstrador de madera ou os caxóis unde guardaban os productos que se vendían a granel, tamén eran outros dous sous compoñentes xa desaparecidos.

Este anovamento, al son dos tempos, aunque ye quitou parte del encanto que tein as cousas antigüas, nun ye fexo perder úa gota da súa traza popular. Muchos detalles demostran esto último: qu'haxa personas que vayan a comprar llevando a súa propia bolsa, qu'a encargada ye cunte el dieiro da compra a dalgúas clientes mayores que nun s'amañan cos euros ou qu'ella mesma participe nas partidas de cartas se nun hai abondos xugadores pra botar un tute. Ta claro que neste chigre-tenda hai un ambiente familiar entre os amos y as cánabas —que son cuase todas da zona—, así qu'as relacións impersonales, tan comúis en muchos dos chigres urbanos, nun tein sito.

D'outro xeito, son variadas as utilidades que «Casa Lidia» ten pra os habitantes de Balmonte y das poblacióis inmediatas. Aparte das súas propias funcións de tenda y chigre —a primeira deixa aferse d'alimentos nun caso de necesidá sin ter qu'ir á Veiga y el segundo é un sito ideal pra relacionarse entre os vecíos—, outros aspectos, como el depósito de bombonas de gas butano nel establecemento, a venta de medicamentos que nun precisan de receta ou a colocación de todo tipo de avisos y anuncios nel local, facilitan a vida das personas que viven nos alrededores d'este chigre-tenda.

Quizáis dalgús d'estos servicios á comunidá tían detrás de que «Casa Lidia» einda nun pechara. Despóis da desaparición en Balmonte del resto dos negocios similares, as presións dos vecíos pode que tían retrasando el peche definitivo d'este establecemento porque, como se comentou al empezo d'este artículo, a súa ganancia actual é ben pequena. Ten, ademáis, problemas pra manter un mínimo de com-



El edificio de «Casa Lidia», al pé da carretera en Balmonte

petitividá col resto del sector comercial por ben razóns, entre ellas qu'os precios a os que ye venden a mercancía os distribuidores son muí altos y qu'hai muios repartidores a domicilio que fain el recorrido pol llugar.

Outra causa que deixóu que, de momento, «Casa Lidia» siga activo é el apego familiar al negocio. Este motivo ta detrás da conservación d'abondos dos chigres-tenda que, al día d'hoi, funcionan en Asturias: a os sous amos dayes dolo que, despóis de trabayar allí búa parte da súa vida, el establecimiento desapareza pra sempre. Así, muios d'ellos van apagándose nel momento actual, como é el caso d'este, unde a encargada pode pasar horas sin ver entrar un cliente.

A importancia que tein estos vínculos familiares pra que «Casa Lidia» se mantenga queda clara a pouco que se día dalgún detalle. A persona que normalmente atende el establecimiento é a neta dos antiguos amos, úa muyer nova, Mónica, pouco convencida del futuro d'este chigre-tenda, pero qu'atende a todos os sous clientes con muita simpatía y gracia y, ás veces, con ben paciencia, como pasa a miudo nun negocio d'estas características condao dalgún cliente bebe máis da conta ou nun quer marchar al hora de pechar.

Nun se pode rematar a descripción d'este chigre-tenda de Balmonte sin fer úa referencia ás cánabas. As máis d'ellas son xente mayor, con un predominio d'homes sobre mueres abondo grande y, fundamentalmente, como xa se dixo, todos da zona. Neste sentido, «Casa Lidia» nun ten muios cambeos na cayida de xente a lo llargo del ano y el brao tampoco nun é úa estación que teña úa repercusión escesivamente positiva. Namáis nel época en qu'a caza nos montes vecíos trai a muios dos sous practicantes hasta Balmonte hai un aumento claro de visitas al establecimiento. Con respecto a esto último, ún dos detalles más chamadeiros del interior de «Casa Lidia» é úa cabezúa de xabaril qu'amaña úa rincueira ben guapa cua cabina de teléfonos qu'einda se conserva.



Os chigres-tenda nel medio rural dan muios servicios



Mónica, a neta dos antiguos amos, trabayando na tenda

En resumidas contas, «Casa Lidia» é un negocio unde conviven dous factores: a necesidá de que siga aberto pol servicio que dá ás cánabas —chegóuse al extremo de que dalgúas protestaron condao quixo pechar tres días pra pintar el interior del local; y é qu'úa chigre-tenda que nun descansa ningún día da semana—, y úa falta de rentabilidad evidente, que fai qu'ún dos principales esmolementos da encargada actual sía cómo mandar el tempo nas muias horas mortas qu'hai nel local.

El futuro d'este chigre-tenda, como el d'outros muios del occidente, é que pechen d'aquí a non muito agá qu'haxa úa medría económica nesta comarca. A esperanza d'estas terras da montaña ta posta nel turismo, úa aposta que nun se pode emprender de xeito individual nun sendo que cambien condicióis como el accesibilidad por carretera y a promoción publicitaria. Al día d'hoi son sitios ben interesantes pra visitar, pero é normal qu'haxa un pouco de cansacio nas personas que tein que sostar col llabor de manter estos negocios abertos.

«Casa Lidia» é un caso paradigmático da situación tan ruía que tán pasando os chigres-tenda nel momento presente que llevóu nesta mesma contornada á desaparición d'un sitio tan emblemático como «Casa Fernando», na Veigadouria, qu'era ún dos pocos estancos que sobrevivían nel área rural asturiana, y á cuase nula actividá de «Casa d'Amador», na Veiga dos Molíos, ún dos establecimientos miyor conservados de toda Asturias, con soyao de madera y gran cantidá d'elementos etnográficos nel sou interior.

Este chigre-tenda de Balmonte, ademáis del de Rozadas, son os últimos al pé da carretera entre Bual y A Veiga que tein un funcionamiento normal de todo. Se reparamos en que nel chigre-tenda de Rozadas nun hai xente nova que se vaya fer cargo condao el amo qu'hai agora lo deixe, llougo pode ser el único, se nun ye dá, tamén, por cesar na súa actividá. Todo ha depender da capacidá de sacrificio da familia que lo dirixe y, especialmente, da persona que, actualmente, coyóu a responsabilidá d'atendello.

NACHO VELA

DAVID F. MORO